



TRÁMITE DE CONSULTAS PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA

Nome do plan: Modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)

Promotor: ENCE Enerxía y Celulosa S.A.

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Enerxía e Minas - Consellería de Economía, Emprego e Industria

Expediente: 2017AAE2119

Código web: 2062/2018

No rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio recibíuse un escrito da Dirección Xeral de Enerxía e Minas para iniciar a tramitación da *Modificación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)*. Achega a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica o documento inicial estratéxico e o borrador da Modificación do proxecto sectorial remitidos polo promotor, segundo esixe o artigo 18 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

1. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica e o réxime xurídico que regula o procedemento administrativo.
2. O artigo 19.1 da Lei 21/2013 sinala que, con carácter previo á elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá o borrador do plan e o documento inicial estratéxico ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de 45 días hábiles.
3. Esta Dirección Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá, ao abeiro do artigo 83.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O apartado 4 do mesmo artigo 83 faculta ás administracións para establecer outras formas, medios e canles de participación dos cidadáns no procedemento no que se ditan os actos administrativos.
4. O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaría pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un **prazo 45 días hábiles** o documento inicial estratéxico e o borrador da *Modificación do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán (Pontevedra)*, con carácter previo á emisión do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do [formulario informático](http://cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto) habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do [correo electrónico](mailto:avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.gal): avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.gal



- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.
- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de alcance do estudo ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica (<http://cmaot.xunta.gal/medio-ambiente-e-sostibilidade>) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018